

Problema235: Razona en que grupo e en que período atópase un elemento cuxa configuración electrónica termina en $4f^{14} 5d^5 6s^2$.

O período vén determinado polo número cuántico n máis alto que presenten os seus orbitais. Neste caso é 6, así que estará no período 6.

O grupo dependerá da súa configuración acaba en orbitais s , en orbitais d ou en orbitais p . Neste caso acaba en orbitais d , non completa os orbitais d . Está no bloque d dos orbitais. Entón sumaremos 2 grupos do bloque s e os 5 electróns d que presenta, dános 7, que será o grupo da táboa periódica no que se atopa.

Por tanto as súas coordenadas serán: período 6, grupo 7. Trátase do renio.